

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

¿48 deputados?
¡48 xordo-mudos!!

NOTA POLITICA

A conducta indisculpable das dereitas galegas

«Heraldo de Galicia», de Ourense, ven publicando unha serie de editoriais que son do pouco interesante que se atopa n-estes tempos no gran ermo que está sendo a prensa galega.

Nos derradeiros, acometeu un eisame defido e intelixente da conducta política observada pol-as dereitas galegas. Coa autoridade que a «Heraldo» lle dá falar dende o campo dereitista, sinala e censura acertadamente os erros pol-as dereitas cometidos. Estamos conformes coa maior parte dos xuícios que dito semanario emite; máis hai un ao que temos de facer algúns reparos.

Referimóns a aquel no que, en certo modo, non somentes se disculpa a enemiga das dereitas galegas ao Estatuto, senón que, en certo modo tamén, se fai recair sobre dos galeguistas unha parte de responsabilidade n-este punto.

Para chegar a tal conclusión (nda que non ben precisada), «Heraldo» esquece algo fundamental e cae n-un erro lamentable. No de admitir que poidese ser xustificación—nin siquiera disculpa—para as dereitas que o Estatuto fose presentado como obra das esquerdas.

Non. Os Estatutos non son, en ningún caso, obra de dereitas nin de esquerdas. Son unha transacción de todas as que concurren a redactalos como toda obra constitucional. No caso de Galicia, moito máis, pol-a forma democrática con que a redacción se fixo.

Se as dereitas galegas quixeran fundar a súa conducta indisculpable en que o orixe constitucional dos Estatutos se debe ás forzas republicanas de esquerda—verdade que hai que proclamar—non fan máis que acusar do seu primeiro e máis fundamental pecado: oponerse a que na Constitución da República plasmase unha forma estatal axeitada ao ser verdadeiro da variedade hispánica. ¿Qué importan sen iso as afirmacións de autonomismo que de cando en vez fan os seus xefes para congraciarse coas xentes de Vasconia, Cataluña ou Galicia?

E no caso concreto de Galicia non teñen tampouco disculpa ningunha. Non éramos nós os encargados de lles decir de qué color había de ser o Estatuto. Debían pensalo eles e concurrir a Santiago para que se escoitase a súa voz, o seu pensamento, o seu tono. Pro díxémolo: a eles e a todos díxemos, non unha senón centos de veces, que o Estatuto habería de ser transacción, convivencia, norma xurídica (axeitada á realidade galega, ao noso ser auténtico), dentro da que, despois, todos poidésemos aspirar a facer prevalecer o matiz de cada un.

A proba de que esto foi así é que, cando de outros campos saíron reparos contrarios, nós mantivemos a mesma, xustamente a mesma, posición. E logramos convencer ás xentes que opinaban así. Aos que non foi posible co vencer foi as dereitas, que se negaron en redondo a dialogar. Por conseguinte esa disculpa agora non pode valer.

Os xentios guerreiros dos antergos ceibóunos da fadaldade oriental que aínda chora nos caratos do Sul da Iberia. Eiquí non afincou, gracias a Deus, o mudexarismo. Outro fadaldismo ameaza, fai tempo, aos galegos de hoxe: a cultura laica e mecánica, nas súas variadas formas, pol-entes ou raposeiras, formidabelmente orgaizada, orgullosa, tiránica, lóxica, xiada. Está eiquí meténdose cada día pol-as nosas portas. Traballan por ela moitos que coidan traballar

TRIBUNA LIBRE

Perigos e perspectivas

Pedimos licenzia para fagur, a estera, unha pequena divagación.

Cada pobo téna súa maneira de saber as cousas. O saber non pode igoalarse c-unha suma de coñecimentos. Cada pobo téna súa maneira de manexar as técnicas. E itramas maneiras compoñen o estilo da cultura. Toda cultura é iso; saber e traballar, co senso único, vivente, da estirpe espritoal.

A nosa, creadora, maxinativa, poética, foi bautismada nas fontes da liberdade ceibadas pol-os Apóstolos de Cristo. Vén de lonxe, e vai pra lonxe, e pouco vagamunda. Xa nos eispricaremos sobor d-isto e d-outras verbas un pouco perigosas como maxinativa e poética. Pol-o pronto abonda con afirmare que a nosa cultura non ha naufragare no fadaldismo. Pois si non se engana esquecendo a íntima contradición de toda cultura-humán e un pouco máis que humán, tamén sabe como a esperanza non lle ha fallar endexamais.

O xenio guerreiro dos antergos ceibóunos da fadaldade oriental que aínda chora nos caratos do Sul da Iberia. Eiquí non afincou, gracias a Deus, o mudexarismo. Outro fadaldismo ameaza, fai tempo, aos galegos de hoxe: a cultura laica e mecánica, nas súas variadas formas, pol-entes ou raposeiras, formidabelmente orgaizada, orgullosa, tiránica, lóxica, xiada. Está eiquí meténdose cada día pol-as nosas portas. Traballan por ela moitos que coidan traballar

por outra cousa. Ensiñana os escolantes ao amparo da Constitución do Estado hespañol. Espállana os libros que merca a xente. Por fora non semella cousa má pra quen non considere o esprito que a dirixe.

E non deixa de ter semellanza co Islám. Tamén é sinxela, crara, universal, prometedora de praceres baratos, próo corpo, a intelixencia e a maxinación. Dona da arte de suprimir problemas e de pechar interrogacións soio eisixe unha condición: o sometimento. Seu himno metálico resóa inhumán pol-a larganza dos continentes. Europa tremou moitas veces pol-a cabalgada dos tártaros. Agora son outros tártaros. Si q-eredes saber dos seus fitos leede a novela mais triste e dura que se téna esquirto nos derradeiros anos: «Un mundo feliz», por Aldous Huxley. Non se lle pode negar unha certa e satánica grandeza. Bo tema pra un futuro Milton.

Isa cultura—pra moitos: a cultura—non vinculada n-un partido nin programa váise metendo en todos e incrusc f-ji, en certos países, da Relixión unha técnica de moral práctica. Ten moitas cásas como o home non verdadeiro. No nome da liberdade quer matar a Deus, e no nome da fisioloxía e da química asesina a liberdade.

Mais o xenio galego non esquencerá seus Paraísos perdidos.

R. OTERO PEDRAYO.

XIRÁNDOLA

Os regalos que nos fan...

O que menos importa é o precio a que tasan a Illa de Ons comprador e vendedor. Tampouco interesa exclusivamente que no tratado tercioen ou non intermediarios. Fundamentalmente o que urxe e que Galicia non consinta que poida prosperar o lindo propósito de instalar na Illa unha poboación de peigueiros incurabeles e de especimens de delinquentes desleixados.

Eran outras as cousas que deberían instaurar na Illa, onde unha grea de colonos tira d-unha vida miserenta, de longo traballo e corto readimento, sin que o Goberno téñase coidado na obriga humán de abolir un réxime de supervivencias medievais. En moi poucos sitios, e cecáis en ningún con menos despeza, poido terse ensaiado un de eses aceramentos que dibuxou en prosa lexislativa a Lei da Reforma Agraria, como n-este de Ons, illote toldado pol-o mar e pol-a cobiza dos donos. O lugar era axeitado para instalar xuridicamente a uns centos de traballadores, que, en réxime colectivista, poidesen demostrar a súa capacidade de empresarios. Podíase intentar ali deica un Estado en miúdo; Estado o que incruso, daría exterioridade de tal a aperta líquida da auga. En troques, os seus alugadores traballan para un amo, aínda con cheiro feudal.

Pouco, moi pouco faría falla en Ons para trocar, sin colvulsións, a Illa en asentamento. Ali existe xa, dende antego, o costume de vivir baixo un módulo de Goberno ao que custa traballo axeitarse; resistencia de adaptación que foi—aínda que sin as esaxeracións calumniosas da prensa planetaria—a millor contribución ao fracaso do sistema en certos asentados. Na outra banda de España, o Goberno do primeiro bienio gastou, con todo celo, moito diñeiro, sin que a Lei fose endexada máis unha realidade pol-a resistencia dos donos e as alternativas de blandura dos ministros de Agricultura. Eiquí, en Ons, abundarían poucos cartos para poñer en marcha unha orgaización de campesiños de cara a unha nova orgaización social.

Máis en Madrid somentes lembran que eisiste Galicia pro trato de colonia, agora alongada deica a facel-a penitenciaría. Pretenden levar a Ons uns forzados do Código. ¡Para forzados aqueles illeos, sempre coas cangallas da pobreza e da enfermidade riba do pescozo, e veña turrar pol-a vida, como se tiraría d-un carro afundido nas rileras! Eso por unha parte. Pol-a outra, Galicia non ten porque cangar con unha vecindade non d-abondo desexabel. Pero, sobor todo, porque a habilitación da Illa para campo de concentración, levaría consigo o desahucio dos aituas vecinos de Ons, que se angurian ali—é certo—pero que acariñan a neboenta esperanza de que o día en que Hespaña, e mellor Galicia, se poñan a facer unha reflex va xusticia social, lles sexa tomado en conta a dureza de tantos anos de malvivir.

Fai pouco, as illas Canarias tiveron forza para rrexeitar o establecemento d-unha penitenciaría en calisquer das súas illadas, estensas e inhóspitas zonas. Galicia debe tela para alonxar todo pe-igro, máis ou menos proisimo, de que en Ons se establezan veciños semellantes, tanto por ter uns usuarios, aos que compre respetar e mellorar, coma por estar técnicamente contraindicada para cumprir esta finalidade mitade bética e mitade represiva.

Galicia debe refugar este regalo: ¿Erao efectivamente, para a banda do «bolanegrismo»? ¿Estaba fletado as xentes que cantan a cotío o himno da tribu de «xefe, xefe, xefe»? ¿Non resultaba regalo para ningún? Da igual. Porque é indudabel que para Galicia, tampouco.

X. ALVAREZ GALLEGO



NOTA CÓMICA

O Excmo. Sr. Gobernador civil da provincia de Pontevedra, don Diego Fernández Gómez, saeu fai dous ou tres días para Madrid. Anunciou o viaxe na prensa local n-unha nota na que dl que vai a se preocupar de varios intereses da provincia entre os que figuro o dos transportes no que «tamén D. Emiliano Iglesias ten moit intrés».

¿Qué tal? ¿Non é esta unha demostración, millor unha confesión, de como se fai a política actualmente no máis elevado sitial da provincia?

¿A qué ven eso de que «tamén a D. Emiliano Iglesias impórtalle—supoñendo que fore certo—o dos transportes»? ¿Quén é D. Emiliano Iglesias para que un gobernador n-un alarde de inconsciencia inaudita diga en letras de molde t-en nota oficial absurdo semellante?

¿D. Emiliano é o Xefe do Goberno, o ministro da Gobernación? Non. Xa sabemos todos o que é. Cárrego oficial non ten máis que o de Embaixador en México. ¿É que ten que ver eso con un viaxe do Gobernador a Madrid? ¿Ou é que o señor Gobernador consúltalle por cable o que ten que facer? ¿Ou é simplemente un servil x-isto de estúpida política que pol-o burdo promove a risa?

Non facemos máis preguntas xa que si seguirmos non nos chegarían as páxinas do semanario.

Ahí queda o feito relatado para que se escachen de risa os que o lean xa que a cousa non val a pena de se andiñar.

Na célebre Asamblea celebrada na Cruña para tratar dos Camiños de Ferro, os deputados prometeron a renuncia das aitas, si o problema non se resolvía.

O problema sigue sin resolver. Non fixeron ren por resolvelo e naturalmente tampouco dimitiron.

Eles esqueceríanse da promesa pero nós non a esquecimos. ¿A que agardan? ¿Que fai a Comisión designada na Asamblea?

Os Partidos republicáns e as Autonomías

Intréanos recoller cómo os dirixentes dos partidos republicáns veñen na súa propaganda adicando atención ao problema das autonomías e fixando a súa posición respecto a elas.

Conocida de todos é a craridade con que se veñen manifestando n-ese senso figuras como Azaña, Albornoz, Gordón Ordás, Marcelino Domingo, Casares Quiroga, etc.

O señor Martínez Barrio acaba de manifestar agora en Albacete—onde non hai un problema autonomista que resolver—cal é o seu pensamento.

Eis as verbas do xefe de Unión Republicana:

«No hay republicano que merezca tal nombre si no comulga, desde un punto de

vista más moderado o más avanzado, en estos principios fundamentales de la República española: Laicidad, AUTONOMIA REGIONAL y justicia social. ¿Son partidos republicanos los que se colocan enfrente de aquellas disposiciones constitucionales que declaran y regulan la personalidad política de las regiones?» E máis adiante engade que ten de... «afirmar, en orden a los principios de autonomía política y regional, la posibilidad de que se realicen plenamente, sin merma alguna, dentro del marco de la unidad nacional».



¡¡ AUTONOMÍA !!

Aitividades galeguistas

A NOSA PROPAGANDA

O MITIN DE VILAGARCIA

As conferencias do Grupo de Ourense

O noso Grupo ourensán comenzo a serie de conferencias que no seu local celebrará este inverno seguindo o costume dos anteriores.

A primeira correu a cárrego do irmán Cuevillas orgaizada pol-a F. M. G. «Exemplos nacionalistas» foi o título da disertación que constituiu unha fermosa i-exaltada arenga nacionalista, na que examinou os movementos das nacionalidades cara a súa liberación.

Despois de fixar a nosa posición universalista no mundo mencionou os casos de Bretaña, Checoslovaquia e Irlanda para deducir que si nós aportamos o noso movemento a mesma audacia dos nacionalistas bretóns, a dos propulsores do movemento checo e a inmorrente constancia dos patriotas irlandeses, o triunfo das nosas arelas será seguro.

A disertación de Cuevillas ategada de fonda emoción galeguista e razoada con potente argumentación a prol das nosas ideas foi acollida con grandes aprausos e felicitacións.

OS NOSOS MITINS

Mañán en Mosteiro (Pontevedra) celebrarase un mitin galeguista importantísimo no que se deixarán constituídos dous grupos do Partido.

Intervirán n-él Bóveda, Castelao e Víctor Casas.

O día 30 en Bergondo (Betanzos) orgaizado pol-a Federación de Sociedades agrarias terá lugar un gran aito no que falarán Suárez Picallo e Vilar Ponte, o noso Conselleiro comarcal Xohán A. Suárez e un representante da Izquierda Republicana.

Con tal motivo deixarase constituída unha delegación do Partido ad frente da que se poñerá o entusiasta irmán Xosé Alvarez Franco.

O aito de Carnota (Muros) anunciado para mañán, aprazouse para o domingo seguinte día 1.º e n-él intervirán Suárez Picallo, Alvarez Gallego, Castelao e Víctor Casas.

Véñense preparando gran cantidade de aitos nas provincias da Cruña, Pontevedra e Ourense e un extraordinario aito en Vigo.

Unha nota do Grupo de Ourense

O noso grupo ourensán publicou na prensa local a seguinte nota:

«Partido Galeguista NOTA OFICIAL

Pol-a Prensa d-esta localidade, fíxose público que D. Manuel Rivo Rodríguez, afiliado fai meses o Partido Galeguista, aceptou un posto de xestor gubernativo con carácter radical, no noso Ayuntamiento.

Como queira que as normas de conducta establecidas pol-o Partido Galeguista, repugnan a aceitación de cargos de xestores gubernativos, a Directiva do Grupo de Ourense, vese na obriga de dar de baixa nas súas listas o citado don Manuel Rivo, quen por outra parte demostrou unha duplicidade de ideais políticos moi pouco aceptables.—A Directiva.

Pol-a nosa parte somentes temos que engadir que o feito pol-o Grupo de Ourense constituíu unha proba da liña de conducta do Partido para coñecemento i-enseñanza de todos.

Prelo de LA POPULAR.—Charino Pontevedra

O domingo derradeiro, no local da Concha de Vilagarcía, celebrouse o mitin orgaizado polo Grupo local de acordo co Comité. Non poido asistir Suárez Picallo.

O local estaba ategado de público que figuraban destacadas representacións dos partidos republicáns locais, sociedades obreiras e agrarias do distrito. De Vigo, Santiago, Pontevedra, Rianxo, Bayón, etc., concuriron moitos galeguistas que fixeron o viaxe por mar e terra.

Unha gran bandeira galega cubría o palco e no salón víanse moitos carteles con programas galeguistas.

Fai a presentación en poucas verbas o irmán Luis Bouza e ocupa a tribuna.

Del Riego

Comenza facendo un saúdo ao público en nome do Partido que anda percorrendo Galicia enteira en propaganda. Di que os galeguistas temos fe en Galicia e na República. Analiza os catro puntos da Declaración de Principios do Partido facendo unha exposición de cada un d-eles. Galicia unidade política, económica, social e célula de universalidade.

Defende o uso do idioma diferencial e o espírito galego auténtico contra o imperialismo e absorción de un Estado centralista que nega a nosa liberdade. O galeguismo arela a reconstrución de Galicia para ofrendala a unha convivencia fraternal ibérica e universal. O noso espírito e a nosa cultura desenrolados libremente en ofrenda a Humanidade.

Combate a política de Tratados perxudiciaes para a economía galega. Fala da situación dos nosos labregos e mariñeiros e a posición mimética de gran parte da mocidade copiando moldes imperialistas alleos ao noso ser. Arremete contra a guerra que é unha defensa do imperialismo para buscar saída ao seu fracaso.

Di que a República aínda non destruíu a Hespaña de Felipe II, e que namentras non se faga non poderá cumprir a súa misión.

Combate ao feixismo. Alude ao caciquismo que sigue imperando e a necesidade de erguerse varilmente para conquistar a consolidación do réxime na súa siñificación renovadora e a autodeterminación de Galicia.

Remata con un quente chamamento a mocidade vilega, universitaria e a que vive no agro e no mar para a conquista de Galicia e da súa liberdade definitiva.

Apláudeselle fortemente.

Alexandro Bóveda

Agradece os aprausos que o acollen decindo que representan mais que unha ofrenda persoal polo desterro que sufriu con Castelao, a condenación de unha política que tal fixo e de adhesión a política de limpeza e renovación que preconiza o Partido.

Refírese a simpatía e popularidade cada día maior que está acadando o Partido Galeguista. Agradece por Galicia e tamén polo que a nosa política representa para o establecemento auténtico da República na nosa terra esas mostras de agarimo.

Galicia desperta para lle dar a batalla derradeira e forte aos seus inimigos

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

que o son igualmente do Réxime. Alude a política pontevedresa e lembra que aínda hai un desterrado, Varela Rendueles, imposibilitado para regresar a Pontevedra por causas coñecidas.

O galeguismo non se dobregou ante as persecucións e toda cras de armas innobres que contra él esgrimiron os inimigos. Polo contrario, esto serviu aínda mais para poñer de manifes to a nosa conducta e noso entusiasmo.

Fala do que representa o galeguismo como política nova. A traición dos vellos políticos que non se destruíron nos primeiros tempos republicáns. Galicia necesita unha política súa para se presentar con diñidade diante dos demais pobos hispánicos. Xa está en pé chea de fé no porvir.

Analiza rapidamente os orixens do movemento galeguista lembrando a obra dos poetas do século pasado, a creación das Irmandades, a asamblea de Lugo do ano 18 para chegar a este intre en que o galeguismo está plasmado en realidade concretas que son o programa do Partido Galeguista.

Destruíe certamente o tópico de «menos política y más administración».

Invoca a necesidade da xuntanza de todos para impoñer unha política de verdadeira cidadanía por medio das urnas e das prácticas democráticas en contacto coa opinión. Un programa de realidade galegas.

Alude aos erros padecidos no primeiro bienio por exceso de boa fé. Di que como ao vir a República non se trocou o sistema ficou todo como estaba e así poido ser que os caciques e os vellos políticos fíxeranse donos da situación actual. Alude, narrando varios casos, as malas artes postas en xogo polos caciques e os funcionarios para furtar a vontade popular e a xusticia. A República non desfixo o caciquismo e hai que o desfacer.

Hai que trocar o sistema dándolle autonomía a parroquia, ao Concello e a rexión. Unica maneira de facer andar a Galicia sin necesidade de ter que sempre mendigar a Madrid para calquer cousa por cativa que sexa. Expón tamén varios casos concretos.

Refírese as eleccións do ano 33 atacando a política que produxeron e aos deputados que por Galicia levaron unhas actas que son un baldón para a nosa terra e a causa dos males que, riba dos que viña padecendo, agraváronse agora cando non se crearon outros novos. A este respecto fala dos Tratados comerciais, dos camiños de ferro, das importacións de millo, da Misión Biolóxica, transportes, etc.

Refírese a capacidade de sacrificio demostrada por Galicia que xa viñendo hora de que teña remate. A despreocupación do Estado, a situación dos nosos labregos e mariñeiros peor que a dos proletarios da cidade.

Lembra a visión distinta de Hespaña que teñen os inimigos da República e o señor Azaña a quen o seu profundo castelanismo non impide reconocer a variedade hispánica como demostrou diversas veces.

As intervencións dos deputados galeguistas na discusión do Estatuto catalán demostran que os galeguistas a pesares do apoio as aspiracións de Cataluña opuxeron os seus reparos a custión económica que quixeron revisar para que non apareza sempre Galicia perxudicada.

Analiza a política fiscal volcando sobre o público unha choiva de cifras que sinalan a inxusticia e abandono en que Galicia vive. Ataca aos agrarios casteláns que en Galicia pretenden entrar politicamente por medio d-ese partido así chamado sinalando a incongruencia e suicidio que supón colaborar así na defensa dos intereses agrarios casteláns en contra dos galegos.

Defende a autonomía con sólida argumentación e di que si estivera en vigor o Estatuto evitaríanse moitas das cousas que a Galicia lle suceden. Para demostralo lee varios artigos do Estatuto aprobado en Santiago.

Remata arremetendo duramente contra o feixismo e imperialismo chamando a todos os republicáns galegos a defender a República e a autonomía de Galicia.

En varias partes do seu discurso foi interrompido con espontáneas e quentes ovacións que ao remate convertíronse n-unha prolongada e forte.

Alfonso Castelao

Salúdase con fortes aprausos. Empeza facendo unha maravillosa descripción do que para él representa a verba «irmáns» con que saúda ao público. Di que os galeguistas non serán uns novos apóstolos mais o parece xa que predicán unha nova relixión para Galicia cal é o galeguismo. Di como él quere a Galicia, patria natural dos galegos con tradición histórica a que están avencellados eternamente con raíces espirituais. Di que si ao morrer ten que voar alonxándose de Galicia prefire renunciar a eternidade para se converter en herba, pataca ou calquer produto de Galicia, debaixo de unha laxe.

En Galicia mira sempre para o chán, para a terra. En Extremadura tiña que ollar para o ceo.

En tonos grandemente humorísticos recorda un mitin celebrado en Vilagarcía na campaña electoral do ano 33 onde un orfeón ben afinado e con moita gracia interrompiu un mitin no que él interviña. Supón que estarán arrependidos os que tal fixeron, mais él agarda que o orfeón non teña desaparecido gardando a súa música para os actuses deputados e inimigos de Galicia si intentan ir por Vilagarcía.

Alude ao Pacto do Partido co de I. R. decindo que a realidade política actual puxo de manifesto esa necesidade, tanto pola precisión de dar a batalla aos inimigos da República e de Galicia como pola comprensión que dos problemas galegos inmediatos ten ese partido e o seu xefe señor Azaña. O momento esixe o camiñar xuntos na obra inmediata e urgente. Lembra a actuación dos deputados galeguistas e galegos das Constituintes cando o problema do ferrocarril e o Tratado co Uruguay que non se aprobou nin se paralizaron as obras como aconteceu agora. A Lei agraria na que se pediu a exersión de Galicia por considerar que lle perxudicaba e porque a nosa terra necesita unha lei especial que somentes poden facer os galegos.

Combate aos actuaes deputados que somentes se preocuparon de conquistar o restabrecimento da Escola de Xordo-Mudos de Santiago seguramente pensando na posibilidade de unha celda para eles. Alude o intento de merca da Illa de Ons na que irían a vivir os amigos dos que andaban no asunto. Di que como o delegado da autoridade impuxo certas trabas, él non sabe nin quere falar con sordina. Recorda que ao comenzo da República él simbolizou o Réxime como un arbolíño sostido con estacas de sabugueiro. Poidera suceder que secara o arbolíño e prenderan as estacas. Xa se ve que non andivo desacertado no pronóstico.

Pregunta que restabrecimento das Garantías é ese que impide a libre expresión do pensamento. Fala da democracia referíndose ao seu recente viaxe a Bélxica onde están gobernando os católicos cos socialistas e onde o señor Vandervelde, presidente da II Internacional o do partido socialista belga, envía un mensaxe de pésame ao rei cando a morte da reíña.

Eso en Hespaña non se comprende. Como tampouco a maneira como foi resolto o preito nacionalista flamengo. E que en Bélxica impera e practícase a democracia cousa que endexamais aconteceu en Hespaña. Por eso non pode falar ningún en Hespaña con-

tra a democracia xa que aquí non se coñece. Hai que impoñela con autenticidade e para eso veu a República.

Defende tamén o sistema parlamentario falseado en Hespaña eternamente. A democracia aínda en Hespaña é unha aspiración. Fai unha invocación a soberanía popular e ataca o sistema centralista-monárquico introducido na República.

Alude aos tres puntos acordados en Ourense. Autodeterminación de Galicia, republicanización e diñificación da súa vida política; Programa mínimo e urgente no que todos teñen o deber de colaborar.

Argumenta en favor da autonomía que representa a única felicidade de Galicia e posibilidade de desenrolar a súa vida. Remata o seu discurso con verbas ategadas de otimismo a prol do porvir de Galicia e da obra que continuarán os mozos que xa están dentro do galeguismo e volcados na obra salvadora. Castelao no discurso e ao final escoitou diversas veces os aprausos entusiastas do público.

Máis irmáns que trunfan

O tribunal encargado de examinar a tese doctoral presentada polo irmán Sebastián González acordou atribuírlle premio extraordinario.

Iste mesmo irmán nas oposicións á cátedra de Historia da Arte na Universidade de Murcia acadou un triunfo moral. Cando se empezaron as oposicións dábase como candidato a un dos seus máis siñificados contrincantes. A situación do irmán González García Paz foise afianzando de tal xeito ao longo dos exercicios que, cando as oposicións remataron, a pesares de haberlle correspondido desenrolar temas que non eran da súa especialidade, o tribunal, indeciso, optou por non provistar a praza.

Do mesmo rango é a actuación do irmán Parga Pondal nas oposicións á cátedra de Química Analítica da Universidade de Santiago. Tamén quedou sin provistar.

Temos a seguranza de que tanto un como outro en próximas actuacións serán profesores da Universidade galega. ¡Adiante, que ben compre!

Nos cursiños pra ingreso no Maxisterio en Pontevedra obtivo o número 2 o noso Segretario de Propaganda Xerardo Alvarez Gallego. Os seus exercicios foron de tal brillantez que ninguén se esplica por qué se lle quitou o número un, ganando amplia e limpiamente.

¿Cecáis por ser un galeguista siñificado? Dín que sí. Mais non importa.

Velahí para exemplo de cativos e ruins como os galeguistas saben ganarse a pulso os seus postos e trunfar n-eles.

trá a democracia xa que aquí non se coñece. Hai que impoñela con autenticidade e para eso veu a República.

Defende tamén o sistema parlamentario falseado en Hespaña eternamente. A democracia aínda en Hespaña é unha aspiración. Fai unha invocación a soberanía popular e ataca o sistema centralista-monárquico introducido na República.

Alude aos tres puntos acordados en Ourense. Autodeterminación de Galicia, republicanización e diñificación da súa vida política; Programa mínimo e urgente no que todos teñen o deber de colaborar.

Argumenta en favor da autonomía que representa a única felicidade de Galicia e posibilidade de desenrolar a súa vida.

Remata o seu discurso con verbas ategadas de otimismo a prol do porvir de Galicia e da obra que continuarán os mozos que xa están dentro do galeguismo e volcados na obra salvadora.

Castelao no discurso e ao final escoitou diversas veces os aprausos entusiastas do público.

Remate

Foi cantado o Hino Galego dándose moitos vivas a Galicia, a República e ao Partido Galeguista.

Resultou un acto formidabel de entusiasmo e galeguismo que dificilmente será esquecido en Vilagarcía.

IMPERMEABILIZANTES VATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construcións e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAS LAS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

Unha importante reunión do Comité Executivo do Partido

Intelixencias con outros partidos.—Un Memorial de agravios ao Goberno.—Mitins importantes.—Unha delegación en Madri.—Outros acordos.

O domingo derradeiro en Pontevedra celebrou o Comité Executivo unha xuntanza baixo a presidencia do Segredario Xeral irmán Gómez Román. Tratouse en primeiro termo dos requerimentos feitos ao Partido por significados autonomistas valencians en relación con unha posíbel asamblea intelixencia das forzas tipicamente autonomistas de Valencia, Cataluña, Vascongadas e Galicia i-examinar a marcha das xestións que se veñen realizando para establecer intelixencia con outras forzas políticas con fins concretos e dentro das normas fixadas nas derradeiras asambleas do Partido.

En relación co primeiro de ditos extremos, foi aceptada a proposta formulada pol-a Segredaría Política en senso francamente favorable a idea proposta.

Tamén aprobouse en liñas xeraes a ponencia de dita Segredaría para a reunión que a derradeiras do presente mes haberán de celebrar este Comité coa Comisión desñada en virtude de recente acordo do Consello Nacional de Izquierda Republicana a fin de puntualizar a laboura que ambas forzas políticas haberán de levar a cabo en Galicia como consecuencia da intelixencia establecida entre os dous partidos e cuio alcance darase a coñecer oportunamente.

A Segredaría Xeral ficou facultada para continuar as conversacións que ven celebrando coas organizacións agrarias que a requiriron a tal efecto e cuia orientación comparte integramente o Comité.

Analizouse despois ampramente a política funesta e ruinosa para Galicia que n-estes dous anos vén facéndose dende o Poder Central e o silencio incomprensíbel dos deputados galegos. Agravios, pretericións e inxusticias que culminan no sucedido coe Misión Biolóxica de Galicia e outros problemas vidadeos que traen estes días axitada a opinión galega.

O Comité Executivo que de intento téñese mantido en silencio para que se non poidera achacar a partidismo a a xusta protesta cóidase no deber de comenar unha intensa campaña de protesta, nos mitins e demais aitos nos que interveña, i-elevará ao Goberno un Memorial de Agravios que no seu día darase a coñecer a toda Galicia.

A tal fin e aos de propaganda do ideario e proselitismo, quedou determinado que pol-a Segredaría respectiva, ademais dos que con carácter local xa se veñen celebrando, orgaízase unha xeira de mitins de importancia, baixo a dirección do Comité, en Vigo, Pontevedra, A Cruña e demais cibdades galegas nos que intervirán os oradores máis destacados do Partido.

Finalmente tomáronse varios acordos relativos a organización eleitoral; A NOSA TERRA, Caixa do Partido e outros nos que figura o de crear unha delegación do Partido en Madri que presidirá o entusiasta galeguista irmán Abel Eira.

Cara a fase dinámica do nacionalismo galego

E verdadeiramente triste que tendo Galicia unha tan fecunda potencialidade cultural, económica e biolóxica non seipamos os galegos recoñecer a súa importancia e impoñela como realidade no chán de Hespaña. Outros pobos con moitas menos posibilidades que o noso i-en circunstancias máis difíciles lograron que fosen recoñecidas como lexítimas as súas demandas de reivindicación nacional.

Máis nós, os galegos, seguimos coa abulia de sempre, guiados por un individualismo antivital i-egoísta, nin siquer nos damos conta do que temos nin do que nos fan. Somos iñorantes do que acontece na Galicia, do que se lle fai a Galicia, do que representa a Galicia. Vivimos oprimidos, sin conciencia do noso valor histórico, cando deberíamos mostranos por todolos motivos, os máis fanáticos partidarios da Reivindicación nacional de Galicia.

Xa non soio por razóns culturais, políticas, económicas e xeográficas, sinón por todo. Pero maiormente por un imperativo moral, por dinidad debemos axudar ao soerguemento de Galicia ante a desvalorización de que é ouxeto por todas partes.

Si existise unha estadística de calumnias e atopellos pra cada unha das nacións do mundo non dubidamos un íntre en soste que Galicia ocuparía inexorabelmente un dos primeiros postos. Porque, galegos, é imensa a cantidade de maldade e veneno a que caíu sobor de nós; incomensurábel o número de inxusticias que tivemos que soportar. Galicia foi sempre a mártir da Hespaña.

A grande Epopeya de Galicia, que logo se fará, cecáis debería tér como direitrix ista mansedume nosa, chea de boa fe e resiliación e a grandeza heróica e sinxela da nosa vida prena de posibilidades e destino. Porque hastra na capacidade de renunciamento e sacrificio nin o propio Buda chegou a superarnos.

Vivimos aplastados por toda clás de privacións naufragando antre a fame, a miseria e a morte e ningún

protesta, ningún trata de buscar unha solución a iste deplorable estado. Todos enxerguen o presente como irremediabel e fatal. Somol-os parias do Hespaña. Os mártires denigrados por todo o mundo. O moneco de total-as inxusticias.

E Galicia, a terra que noutros tempos tivera unha sona tan grande, veu a converterse na má de istes hespañoleiros de hoxe en ouxeto de total-as explotacións e abusos. N-unha filla espúrea como eles dín. Soio viron en nós unha fonte de ingresos e abundancia pra aplacar os vicios das demais terras, anque eiquí tivéramos que pasar fame pra cumprir as súas demandas. E de todo iste imenso sacrificio de Galicia nin as migallas do beneficio nos tocaron, pero si as desventuras e calumnias. A honra, a gloria os favores leváronos eles.

A LENDRA NEGRA que se tramou sobor da Nosa Terra é máis ignominioso do que podemos matinar. Abrangue total-as manifestacións da vida, total-as formas da nosa existencia. En todo se nos criticou negativamente. En total-as partes fomos maltratados, perseguidos i-esplotados como si fósemos xudeos. O noso nome xa de por sí veu a converterse n-unha especie de tara social, manexada contra nós en total-as ocasións en que o es-

COMENTARIO

Un novo favor do Centralismo a Galicia

Dende unha aldea e fugar labregos, temos que comentar, cheios de indignación, o novo aldraxe, que o Poder Central e unha situación política que cae podre de immoralidades, acaban de facerle a Galicia.

Nós que di nos a coñecer as semillas da Misión Biolóxica. Que as cultivamos pol-as nosas mans, en terras da maraña, con resultados miragrosos, até recibir a satisfacción que dende vinte kilómetros arredados, viñesen labregos a velomillo, levando probas para sementar, despois de habérenos dito nos primeiros tempos por xentes reacias a toda innovación; ao recomendarlles o seu uso, que eran cousas de tolos e comunistas que n-un Programa do Grupo Galeguista de Sada primeiro, e logo no d-unha Alianza, logramos incluír un artigo, no que se dí que a creto ou como se poida han de mercarse semillas d-esta Institución para repartilas entre os campesiños, acabamos de ver como se lle suprimen unhas miserables pesetas de subvención, en nome d-unha Lei de Restriccións, que aumenta caprichos e cantidades astronómicas para cousas que non sirven máis que para satisfacer ambicións bastardas dos que contra toda lóxica detentan o Poder na República que quixo ser de traballadores i-está resultando de monárquicos.

Máis con ser todo isto dooso, ou vergoñento que sería máis eisato, e moito máis aínda ver a indiferencia con que foi acollida na nosa Terra a mala nova. Salvo un xornal e dous ou tres semanarios que ergueron a súa voz de protesta, nada. Porque nada valen catro telegramas ridículos, en cuia eficacia só creen uns cantos parvos, para os que a Misión Biolóxica significa menos que un cuartel ou outra cousa pol-o xeito.

As Sociedades Agrarias, os Partidos Republicáns, os Concellos e canto n-unha verba, sopón algo en Galicia, non se moveron que nós seipamos, cando escribimos estas liñas.

Verdadeiramente, dá medo vivir n-unha terra que d-este xeito tan cobarde, está deixando que lle leven todo canto n-un senso ou outro pode axudar a conquista d-un mañán millor. Ao paso que imos, vai a poder decirse de nós que temos o que merecemos.

A pasividade e indiferencia con que se acollen os aldraxes que se lle fan a Galicia todol-os días e por total-as situacións, fan pensar aínda aos máis optimistas, que xa poden chover desgracias. Chorarémolas coma mulleres máis non saberemos defendelas e vengalas como homes.

XOHÁN A. SUÁREZ
Sada, Novembro 1935.

prito galego trataba de amostrarse e sobresalir.

A inxuria contra do pobo galego é algo que nós non podemos matinar. Tratouse de esnaquizar a nosa conciencia, a Nosa Patria, a nosa vida, as nosas creacións, os nosos valores. Todo. Todo entrou en barrena. Todo foi profanado pol-as poutas malinas dos inimigos e traidores de Galicia.

¡¡GALEGOS!! ¿Tendes conciencia do honor e da dinidad? ¿Consintiredes por máis tempo iste baldón de oprobios, de calumnias, de atopellos, de inxusticias que estamos aguantando?

Os que teñades alma, os que teñades dinidad e amor pra a terra en que nacíchedes vinde coñesco, cos nacionalistas galegos, pra realizar a Grande Obra, pra restaurar o imperio moral, económico, político e cultural da Nosa Terra, pra esnaquizar d-unha vez os que aspiran esprimirnos a última gota de sangue.

Todos de pé pra facer unha Galicia digna, culta, criadora, rica, cosmopolita, universal.

Os tempos que vivimos, as circunstancias porque atravesamos Hespaña, o abandono en que se nos téñ, eisixe de nós de todol-os galegos, unha acción solidaria, unha oposición ruda, viril, sanguíñenta si é preciso como único

TRUNFO DE SUAREZ PICALLO

Na Audencia Territorial da Cruña aitou por primeira vegada o noso irmán Suárez Picallo n-unha causa de revisión por parricidio na que o Fiscal solicitaba para o acusado a pena de vinte e tres anos. Suárez Picallo fixo unha gran defensa do seu patrocinado conquirindo a súa liberdade.

A vista da Causa tiña despertado gran espeitancia concirrido a ela gran cantidade de público e letrados. Suárez Picallo despois dos saúdos de ritual expuso a gratitude que sinte por cantos o axudaron na loita para conquirir o tiduo de abogado entrando logo na tese da defensa na que, como decimos, conquiriu un trunfo sonado.

O público e os abogados que concurriron a Audencia felicitaron efusivamente ao noso irmán.

No Restaurant La Terraza foi agasallado con un xantar ao que concurriron máis de cincuenta comensales destacando moitos abogados e distintas personalidades cruñesas.

Ofreceu o agasallo o irmán Plácido R. Castro n-unhas verbas en galego afirmando que a personalidade de Picallo está por riba dos adxetivos e tiduos xa que a súa popularidade é xenuína porque está afincada na súa identificación co pobo.

Fixo votos pol-o seu trunfo na carreira e invitou a D. Manuel Casás Fernández a facer uso da palabra.

O señor Casás con verbas cheas de emoción expresou a súa admiración por Picallo cuia forza de vontade ademira exaltando a nobreza da profesión de abogado que constituíe o único amparo dos desventurados como Picallo demostrou na súa primeira situación. Rematou felicitándose de que a Cruña conte con un novo valor intelectual como Picallo.

A continuación léronse moitas adhesións entre as que figuraba unha moi cordial de Valle Inclán.

Suárez Picallo pronunciou un discurso en galego para agradecer o agasallo. Relatou a súa vida en América. Fixo constar o seu agradecemento a Cruña que lle otorgou a súa representación parlamentaria nas Constituintes expresando a súa vontade de servir con fervor a xusticia, aos desamparados e a xusta Causa de Galicia.

Poi moi ovacionado e recibiu moitas i-entusiasmas felicitacións.

medio de conquirir os dereitos, o honor, a dinidad que isas xentes eistranas nos están roubando.

¡¡LABREGOS!! ¿Consintiredes por máis tempo que se vos trate como esclavos? ¿Consintiredes morrer de fame, namentras noutras terras de Hespaña, viven oparamente dos vosos esforzos? ¿Aguantaredes por máis tempo ista explotación inícuca?

¡¡MARINEIROS!! ¡Bravos loitadores do mar! A chamada imperiosa da Terra eisixe da vosa intrepidez e valentía un pulo decidido e forte pra salvar a Galicia do seu actual naufraxio!

¡¡MOZOS GALEGOS!! Soio unha verba debe informar a vosa conducta n-istes íntres: REBELDÍA. Acordaivos que sodes os descendentes de aqueles que preferían a morte a perda da liberdade, que sodes os fillos dos heroes de Medulio, que levades no sangue a estrela da liberación da Terra, o porvir do destino de Galicia.

¡¡INTELEITUAES DE GALICIA!! Non tedes dereito a gloria, non tedes

Cachupines non, galegos, si

Co tiduo «Viejos prejuicios», dou lus a «Voz de Galicia» do 14 derradeiro, un artigo que firme Enrique Lumen; artigo que non merecería comentalo se viñera nun xornal castelán, pois xa sabemos como adoitan a falar cando se trata dos galegos; máis publicado por un diario de Galicia, non quero deixar de comentalo, xa que os «vellos prejuicios» que o señor Lumen pretende matar, son os que alumean o seu traballo.

«Cachupines», non.

Xa dixó a Academia da Historia castelán, que non foran os galegos os descubridores d'América, i-entón non poideron ser os cachupis do conto.

«Gallegos», si.

«Gallego» n'América é sinónimo de traballador, honrado e virtuoso, que leva aparelado o ditado de tacaño, é certo, pro ningún home son vicios, deixa de ser tido tal, pol-os loubás.

A verba «gallego» dita en son de mofa, foi levada ao Novo Mundo pol-os castelás, pero os d'aló déronlle outro sentido, fixados en que aqueles a quen chamaban «gallegos», eran os que vivían á conta do seu suor e d'ahí que a todol-os hespañoles honrados se lles chame n'América «gallegos».

Non é o «gallego» quen aldraxa a Hespaña, non. Son as hespañoladas que nada teñen de Galicia, nin dos costumes dos seus habitantes. Foi onte aínda cando en Lieja lle chamaron aos hespañoles «raza sucia», con motivo d'a eisibición dá película «Tu nombre es tentación», n'a que non hai ningún motivo galego.

Pra rematar: Cand'os galegos, foron ao Novo Mundo, diplomáticos artistas, inteleituáes e hasta castelás, pro con todo ten que confesar o señor Lumen:

Que o hespañol fora de Hespaña Se non é «gallego» non é nada.

XAQUIN PENAS.



dereito a ser respetados pol-a vosa sencia si vos esquecedes de traballar por Galicia. A historia xuzgará a vosa obra o futuro premiará a vosa laboura.

Galicia precisa de nós. Precisa de todol-os galegos unha axuda rexa e decidida. Non ten dereito a vivir no chán galego o que non axude a levar a cabo a Grande Obra de reconstrución nacional de Galicia.

Temos que demostrar a Hespaña, remos que demostrar ao mundo que non somos fillos espúreos de ningún e menos de unha Nai que soio axudou a fundirnos e desresistixarnos.

¡¡ADIANTE IRMÁNS!! O que non axude ao erguemento de Galicia que caia sobor d'él a maldición da Terra.

AMADEO VARELA.

CAFÉ GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquiteito
Vigo

FRANCISCO Bar. e. ro Solaño
Perito Agrícola
Santiago

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

R. GONZALEZ PASTORIZA
Abogado
Vigo

COLEXIO LEON XIII
VILAGARCIA

XERARDO ALVAREZ GALLEGO
Abogado e Procurador
Vigo

Vda. de Pío S. Carrasco
(CASA FUNDADA NO 1894)
Axente Comercial de Aduanas Colexiado
FLETAMENTOS,
CONSIGNACIÓNS,
TRÁNSITOS.
VILAGARCIA
TELEGRAMAS: CARRASCO
APARTAMENTO NÚM. 3

Redacción-Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º—Ponferrada
SUSCRICIÓN: 3 pesetas semestra. Pago adelantado.
Número solto: 10 cts.

A nosa terra

semanario do Partido Galego

Año XIX

Galicia, 22 de Novembro do 1935

Núm. 391

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

SUMA E SIGUE...

¿Qué fán os deputados galegos?

Cando nós afirmamos repetidamente que a «Gaceta» será, namentras padecemos un sistema centralista o noso mellor colaborador, cecáis pareza a algúns afirmación gratuita.

Cando aseguramos que a inxusticia con que a cotío nos tratan os Gobiernos centralistas será tamén outro dos nosos mello-

res argumentos, pode parecer tamén teima partidista.

Pro a realidade, un día e outro, vén a nos dare a razón. Quen teña aínda dúbidas repare e medite nas sucesivas distribucións de fondos que, para obras fai o Goberno.

As da derradeira xuntanza ministerial non poden ser máis elocuentes. Vexámolas:

Subvención ao Concello de Peñafiel.	55.789'95
Obras do pantano de Guijara.	7.500.000'—
Id. no pantano de Tronco de Beas.	217.938'48
Id. na acequia de Benaguacil.	447.733'—
Id. no pantano del Pintado.	136.666'—
Obras de abastecimento de augas e alcantarillado en diferentes sitios.	1.002.306'—
Id. de saneamentos n-outro.	45.820'—
Para desguace de barcos pesqueiros.	795.820'—

¿E din que pra facer economías hai que suprimir as 50.000 pesetas de subvención á MISIÓN BIOLÓXICA!

¿Onde están os deputados galegos? ¿De qué se preocupan estes homes? ¿Deica cando vai durar a súa mudez? ¿Non se decatan de que co seu silencio se fan responsables de todas as pretericións de que se fai ouxeto a Galicia?

A prensa anuncia tamén un proieito de lei sobor da ordenación quinquenal para a execución de obras públicas.

Nós botámonos a temblar, porque xa se ve cal é a ourentación do novo minis-

tro. Galicia, estamos seguros será preterida unha vez máis: coa saña e contumacia a que nos teñen afeitadas as xentes do segundo bienio.

¿Ocupáronse d-esto os deputados por Galicia? ¿Agardan a que esté aprobado? Supoñemos que sí.

DO MOMENTO

IMPRESIÓNS

Si eu fose un home de dereitas—no social, no político ou no relixioso—non sei si podería ollar pasivamente a catastrófica situación que veñen seguindo as dereitas oficiais hespañolas.

Coidaría ser un deber meu, ineludible, oponerse en canto poider e como fose a esa situación que tantos perigos anda a enxendrar para o futuro das mesmas dereitas.

Máis, porén, eu vexo que na Hespaña hai un home, Ossorio Gallardo, que pensa o que seguramente eu pensaría si fose de dereitas e fai o que eu coido que faría n-aquel suposto e máis xa vemos como son os que aitan no campo dereitista os que o combaten ou—o que aínda é peor—toman como tolerias as suas verbas que son chamadas anguriosas na defensa do auténtico conservadurismo.

I-é que non hai posibilidade. O dereitismo hespañol está inzado de un cerrillismo espantoso e cego que non lle permite ollar que está cavando a súa propia cova.

Revolución. Eis unha verba que arestora ven a ser un dos tópicos que con maior frecuencia e irresponsabilidade están esgrimindo as dereitas hespañolas. É o único que saben oponer para tratar de xustificar a súa permanencia nas esferas do poder público.

Si existe como é posíbel que en máis de un ano non poideran aínda contela ou destruíla?

Poida que efectivamente exista hoxe na Hespaña un certo ambiente revolucionario. Máis é o que co seu aitar están enxendrando os que gobernan como o veñen facendo.

Unha revolución que non poderá xa se manifestar violentamente pero que vai camiño do trunfo para im-poner despois o que non se fixo no in-ter da proqramación da República.

Un Estado republicán auténtico que seipa primeiro previr-se da posibilidade de ser novamente asaltado como o foi agora e despois ir a construción definitiva d-unha República verdadeira.

¿Qué terán que decir despois os que agora queren asustar aos nenos co mito d-unha revolución que non existe?

Non hai que lle dar máis voltas. Galicia non pode erguerse violentamente contra o Estado hespañol en percura de unha independencia que necesita.

Cataluña e Vasconia nos demostran que ese camiño non é nin práctico nin de posíbel percorrido. Cantos exemplos, os arredistas oficiais, nos opoñan acontecidos no século pasado ou a comenzos do aital non sirven para rén. Hoxe é imposible trunfar por tales medios contra un Estado moderno.

Por eso temos que nos conformar con ir acadando concencias para o logro da autonomía. Esta pode ser de rápido conqwerimento. Eu teño fe en que Galicia non tardará moitos anos en abranguela. Ela é d-abondo para poñer a nosa terra en franquía respecto ao seu espírito, a súa vida integral, a súa cultura, ao seu milloramento.

Contribuir a eló é a millor e máis eficaz obra patriótica que podemos facer n-este intre. O demáis son verbas...

Que cada día é maor en Galicia o convencimento a prol da autonomía e da necesidade de unha política galega non hai dúbida. Vese craramente. A cotío ollamos probas d-elo. Por engádega a situación política vixente sinala o fracaso definitivo do centralismo e dos centralistas respecto a Galicia e dona aos autonomistas e a nós, galeguistas, que vimos propuñando fai anos

unha política galega, a razón aislada.

D-este momento político que vive Hespaña e Galicia, sairá, ten de saír necesariamente, desbrozado e limpo para camiñar lediciosamente por él o vieiro da autonomía galega.

Porque está alicándose rexamente na concencia galega. Porque a nova República, a futura República que está en xestación, terá ese espírito.

As ensenanzas dos duos derradeiros anos non se perderán. Sabémolo tanto nós como os mesmos republicáns que se teñen decatado dos erros cometidos e da necesidade de reitificación.

VICTOR CASAS.

Revoldaina

Alfonso de Cal—fai tempo que non sabíamos nada d-él—para vindicar a Galicia pide un home. UN HOME...

Non, amigo, o que fai falla é unha idea e a carón d-ela unha unión.

A idea xa a temos: GALICIA. A unión é a que andamos nós a predicar. Fagamos porque se conqwerira e deixémosos de Mesias nin entorpecimentos.

Como detalle da situación escandalosa a que a política aital está levando os orgaímos públicos de Galicia podemos poñer como exemplo o que sucede no Concello da Cruña. Durante cincuenta anos o Concello cruñés veu sendo rexido por unha maoría absoluta republicán democráticamente elexida.

Nas eleccións de Abril do 31 de 39 concelleas que ten a Corporación resultaron elexidos 34 republicáns.

Despois do de Outono foron destituídos case todos e substituídos

Despois das Xornadas Médicas

Dirección e roitas da Universidade Galega

Cecáis parezan a algúns serodías as liñas que imos adicar a este tema. Non o son; pol-a calidade e importancia que él encerra. Certo que deberan ser compostas antes, máis non queríamos facelo sin informarnos ben e comprobar seriamente os rumores que chegaran a nós a raíz da celebración das Xornadas Médicas en Ourense.

Hoxe podemos facelo sin temor a que poida ser reitificada ningunha das afirmacións. Vexa o lector a relación de feitos e xuzgue despois da razón dos comentarios que consideramos unha obriga lles poñere.

Celebráronse nos derradeiros días do mes de Setembro, en Ourense, as Xornadas Médicas galaico-portuguesas. Acudiron a elas médicos de toda Galicia e moitos de Portugal, cós froitos do seu traballo dende as Xornadas de Lugo, fai dous anos.

Dos traballos presentados nas xuntanzas, e que pol-a súa importancia e transcendencia chegan a traspasar as fronteiras para arribar no campo da ciencia universal, correspóndenlle aos portugueses as maiores glorias. Foron os seus traballos froito da labouira constante, de intrés pol-os problemas que a meiciña plantea; non traballan individualmente, perdéndose en esforzos pouco eficaces, se non co seus discípulos, facendo escola. Eisi compréndese a gran calidade dos traballos portugueses, e a importancia que para a cultura médica de Galicia tiveron estas aportacións.

Os traballos feitos pol-os médicos galegos foron moitos e de gran valor científico práctico. No primeiro posto están aqueles de extraordinaria importancia que, achegados íntimamente á vida do pobo galego, descúbrennos feitos novos. Tal, o traballo feito pol-os catro Inspectores da Sanidade galega, (Particularidades de la sanidad en las regiones de población diseminada, (tipo Galicia). Este é o primeiro traballo serio que, se fixo en Galicia sobor da Sanidade; pero non somentes é isto, senon que é toda unha chea de revelacións de feitos que colocaron a Sanidade galega n-un terreo, particular, non compatible co as normas sanitarias do resto de Hespaña. É, resumindo, o traballo fundamental para o desenrolo da nosa Sanidade.

Moitos d-estes traballos foron presentados baixo o control dos Institutos de Hixiene galegos, e da súa valía daránse conta todos os que lean as actas das Xornadas, prontas a imprimir, Velahí, pois, unhas Institucións galegas que cumpriron debidamente o seu cometido.

Agora nós temos que facer unha pregunta: ¿Qué fai a nosa Universidade? Mentras toda Galicia esforzase en producir, preocupase do porvir da súa cultura, e traballa con eficacia, a Universidade non dá ningunha mostra da súa existencia. Nas Xornadas a súa ausencia foi case completa. Nin siquera comprimntou correitamente os aitos formularios a que obriga a cortesia. Somentes un Dr., como representante da Universidade, presentou un traballo, de nome suxestivo, (A pelagra en Galicia) que despertou intrés. A pesar d-esto a Universidade non estaba presente, aínda que o Dr. Pena demostrou varias veces qu-él sabía moito máis do que nos estaba decindo. E decir, o traballo que representou á Universidade, e posto de relieve no programa da sesión, non foi máis que unha pasadeira lección de cátedra.

E doorosa a observación de que onde os homes teñen medios e a obriga de facer, de traballar, non se fai nada. Pasan os anos pol-os homes da nosa Universidade e ¿cal é a súa labouira?

Supoñemos que esta primeira chamada, advertencia ou aviso (como queira tomarse) se fai dende estas columnas aos dirixentes da Universidade galega os fará meditar na razón das censuras que deinde outros lugares se lle teñen dirixido.

Nós, deica agora, non quixemos censurar. Fumos observando en silencio a súa ourentación trabucada, e moitas veces antigalega. O tema d- residencia, a falla de cátedras de cultura galega, etc., etc., son d-abondo para xustificar a nosa afirmación.

O ocorrido nas Xornadas fai xa rebordal-a medida e obriganos a compoñer estas liñas. Non se poderá decir que o facemos sen razón e por partidismo. Reitifique quen debe as roitas trabucadas, collan unha dirección atenta as vibracións de esta hora galega, e non sere-mos nós os que regateen gabanzas.

por representantes radicais e dereitistas. Dende entón anda todo feito un verdadeiro desastre. O alcalde abandonou o cárrago fai meses sin decir unha verba e ás sesións non asisten máis que media ducia de xestores. A vida municipal está paralizada.

Pero o máis gracioso é que «El Ideal Gallego», da Ceda, que ten un bon número de representantes seus no Concello anda a protestar violentamente. O detalle é pintoresco e fondamente revelador.

O señor Chapaprieta anda moi rufio por ahí diante cos seus profeitos financeiros. Até permítese lanzar ameazas e verbas con segunda intención.

Craro, exprícase. A República tivo que chamalo para resolver o

problema da Facenda... E o home está como neno con zapatos novos.

Estanos cheirando que o señor Chapaprieta está chamado a ser o «salvador de Hespaña» de turno.

Fracasados os anteriores—o derradeiro foi Lerroux—hai que se apresurar a cubrir a sede vacante.

O Bloque Nacional de Santiago vai ser orgaizado por un fillo do morto Marques de Figueroa.

Nós lembramos que o vello Marques foi un rexionalista, que escribiu e falou en galego e acordámonos d-unha conferencia súa na Cruña onde arremeteu duramente contra a Dictadura na que Calvo Sotelo chegou a persoa.

O seu vástago e antirexionalista e calvosotelista.